



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2019 / 2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO CAMIÑO - 32011901

ETAPA: PRIMARIA

CURSO: 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º

MATERIA: MÚSICA

DOCENTE: ANDREA TATO VEGA

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO CAMIÑO

Terra de Souto, s/n
32310 Rubiá (Ourense)

ceip.virxedocamino@edu.xunta.gal

Tel. 988324205

ÍNDICE	PÁXINA
1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPENTECIAS IMPRESCINDIBLES.	3
2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.	8
3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE	9
4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE	10



1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
<i>B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.</i>	<i>EMB1.1.1 Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.</i>
<i>B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.</i>	<i>EMB3.2.1 Responde co seu corpo a estímulos sonoros.</i>
<i>B1.4. Comunicar utilizando un vocabulario adecuado ás sensacións e ás impresións sentidas na audición</i>	<i>EMB1.4.1 Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.</i>
<i>B1.3. Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría.</i>	<i>EMB1.3.1 Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónaas coas súas obras.</i>
<i>B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade e carácter).</i>	<i>EMB1.5.1 Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca e negra. EMB1.5.3 Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.</i>

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES



2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
<i>B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural.</i>	<i>EMB1.1.2 Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave. EMB1.1.3 Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.</i>
<i>B1.4. Comunicar as sensacións e as impresións sentidas na audición, utilizando un vocabulario adecuado.</i>	<i>EMB1.4.1 Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.</i>
<i>B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade ou carácter).</i>	<i>EMB1.5.1 Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca e negra e parella de corcheas. EMB1.5.3 Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.</i>
<i>B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.</i>	<i>EMB3.2.1 Responde co seu corpo a estímulos sonoros. EMB3.2.3 Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.</i>
<i>B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando distintos materiais como fonte de son.</i>	<i>EMB2.1.1 Repite esquemas rítmicos escoitados.</i>

3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
<i>B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.</i>	<i>EMB2.3.1 Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos para crear pezas musicais sinxelas e para a sonorización de imaxes e</i>



	<i>representacións dramáticas.</i>
<i>B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza.</i>	<i>EMB3.1.1 Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.</i>
<i>B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.</i>	<i>EMB1.3.2 Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.</i>
<i>B1.4. Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.</i>	<i>EMB1.4.3 Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.</i>
<i>B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas</i>	<i>EMB1.1.1 Expressa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.</i> <i>EMB1.1.2 Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.</i>

4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
<i>B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa cultura e doutras culturas.</i>	<i>EMB1.1.1 Expressa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.</i> <i>EMB1.1.2 Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.</i>
<i>B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto</i>	<i>EMB1.2.1 Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto</i>
<i>B1.5. Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical, así</i>	<i>EMB1.5.1 Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun</i>



<i>como rexistros e aplicacións informáticas para a análise e a produción musical.</i>	<i>musicograma ou nunha partitura sinxela (non convencional).</i>
B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	EMB2.3.1 Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos e recursos informáticos para crear pezas musicais sinxelas e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.
B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza	EMB3.1.1 Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.

5º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
B1.1. escoitar obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, recoñecer as diferenzas e/ou as relacións existentes, e facer unha valoración posterior.	EMB1.1.1 Expressa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.
B2.1 Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora	EMB2.1.1 Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras. EMB2.1.2 Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos
B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	EMB2.3.1 Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos e informáticos para crear acompañamentos
B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas ou fragmentos, e	EMB1.3.2 Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e



<i>describir os elementos da linguaxe musical convencional que as compoñen.</i>	<i>intensidade tras a escoita de obras musicais.</i>
B1.6. Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.	EMB1.6.2 Identifica as partes dunha peza musical sinxela, e representa graficamente a súa estrutura.

6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son, de maneira que sirvan como marco de referencia para creacións propias.	EMB1.1.1. Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons do contexto natural e social, utilizando un vocabulario preciso.
B1.2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.	EMB1.2.1. Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais, con capacidade para emitir unha valoración destas.
B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	<p>EMB2.3.1. Procura información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais.</p> <p>EMB2.3.2. Presenta e expón a información de xeito claro, ordenado e limpo en varios soportes.</p> <p>EMB2.3.3. Utiliza os medios audiovisuais e recursos informáticos para crear pezas musicais e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas</p>
B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza, valorar a súa achega ao patrimonio, e gozar coa súa interpretación como unha forma de interacción social.	EMB3.1.1. Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.



	EMB3.1.8. Aмосa respecto polas demais persoas e colaboración con elas.
B2.1. Entender a voz como instrumento e recurso expresivo, partindo da canción e das súas posibilidades para interpretar, crear e improvisar.	EMB2.1.1. Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas, e recreaas.

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

AVALIACIÓN	<p><i>Procedementos de avaliación: a avaliación e cualificación adaptarase, tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre en beneficio do alumnado. Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación tivéronse en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles anteriormente identificadas.</i></p> <p><i>A avaliación das aprendizaxes desenvolvidas a partir da suspensión das actividades lectivas presenciais será continua e acentuará o seu carácter diagnóstico e formativo en toda a etapa para valorar os avances realizados e os atrasos que se puidesen producir, con obxecto de planificar as medidas de recuperación que sexan necesarias e programar o vindeiro curso. En todo caso, a avaliación das actividades realizadas na fase non presencial so terá valor positivo para a cualificación do alumnado.</i></p> <p><i>Instrumentos de avaliación: A avaliación final das aprendizaxes do alumnado durante o curso 2019-2020 considerará en conxunto as avaliacións de todo o curso, valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente definidas. Daráselle prioridade á avaliación, atendendo ao seu carácter continuo e global, diagnóstico e formativo, a partir das avaliacións anteriores e as actividades desenvolvidas durante este período, sempre favorecendo ao alumno ou á alumna.</i></p> <p><i>As modalidades de avaliación incluíndo a autoavaliación e a coevaluación, combinarán a información cualitativa e cuantitativa.</i></p>
CUALIFICACIÓN FINAL:	<i>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: A avaliación do alumnado terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas. Polo tanto, a cualificación da terceira avaliación nunca será inferior a acadada no 1º e 2º trimestre. Por outra banda, a avaliación ordinaria reflexará a nota máis alta obtida o longo de todo o curso escolar, sempre en beneficio do alumno/a.</i>



3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

ACTIVIDADES	<p>Como mestra responsable da materia de música, teño operativos os contidos e as actividades na aula virtual do centro https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxedocamino/aulavirtual2/course/index.php?categoryid=10 . A través deste canle submínstrase ao alumnado orientacións, materiais e ferramentas para facilitar a preparación destes contidos e a adquisición de competencias de xeito adecuado. Manteño ademais un canle de comunicación directo co alumnado (horario de atención, solución de dúbidas, corrección de exercicios...) a través do chat da aula virtual de luns a venres en horario de 10:00 a 13:00 h. Con data 13/04/2020 e coa colaboración do Concello de Rubiá, proporcionouse a totalidade do alumnado do centro os libros de texto e o material funxible preciso para abordar o proceso de ensino – aprendizaxe nas casas, ademais dun folleto explicativo (personalizado para cada alumno/a cun usuario e unha contrasinal) para poder acceder ás categorías e cursos nos que están matriculados.</p>
METODOLOXÍA (<i>alumnado con conectividade e alumnado sen conectividade</i>)	<p>Adaptouse dita programación a metodoloxía non presencial co obxectivo prioritario de que os alumnos e as alumnas non perdan o curso e poidan continuar avanzando na súa formación, tendo en conta de maneira especial a situación dos estudantes máis vulnerables. Neste eido, e en colaboración co Concello, foron repartidos varios equipos informáticos ás diferentes familias que o solicitaron. A totalidade de alumnado do centro ten medios informáticos e conectividade. Todos os responsables das tarefas educativas (docentes, equipos directivos...), extremamos o coidado para apoiar aos estudantes e as súas familias, para facer posible o desenvolvemento das súas tarefas respectivas en condicións que promovan o seu benestar. Téntase coidar a calidade dos contidos, e que a sua vez, estes vaian acompañados de breves instrucións e recursos complementarios. Facílítase ademais a adaptación a dito proceso de ensino – aprendizaxe adaptándonos as particularidades de cada familia.</p>
MATERIAIS E RECURSOS	<p>As actividades están secuenciadas e temporalizadas nas diferentes semanas lectivas que abranguen o 3º trimestre. Entre os recursos seleccionados para as mesmas, atópanse actividades cinestésicas e actividades para aprender valores; seccións de audicións para descubrir diferentes cualidades do son (vivir a música para relacionarse, divertirse, coñecer e soñar); recursos de linguaxe musical e interpretación (voz, instrumentos e corpo: textos e imaxes para fixar, facer memoria e reforzar contidos); cuestións de metacognición para reflexionar; e ademais, un taller de novas tecnoloxías aplicadas a música e de aprendizaxe</p>



cooperativo coas familias (musiTICqueando).

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS	<p><i>(Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado).</i></p> <p><i>Achegouse un folleto explicativo do funcionamento da aula virtual a cada alumno. Primeiramente as comunicacións establecéronse a través do espazo abalar. Posteriormente e unha vez que se puxo en marcha a aula virtual, manténse contacto directo co alumnado a través do chat da aula todos os días lectivos en horario de 10:00 a 13:00 h.</i></p> <p><i>Para dar a coñecer a información da programación do 3º trimestre, mandarase un mensaxe abalar a todos os responsables dos nenos/as coa ligazón a páxina web donde serán ubicadas, logo de ser validadas por inspección.</i></p>
PUBLICIDADE	<p><i>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</i></p> <p>https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxedocamino/</p>